
MONCHO E A MANCHA

Texto e ilustración de KIKO DASILVA

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 48 páx. 13 €.

Moncho e a mancha (galego)

ISBN 978-84-8464-115-5. Demademora.

Moncho y la mancha (castellano)

ISBN 978-84-8464-078-3. Libros para soñar.

Moncho e a mancha (portugués)

ISBN 978-972-8781-04-0. Livros para sonhar.

A Moncho gustáballe moito debuxar: dun triángulo facía un monte; dun cadrado, unha casa; dun círculo, unha cara...

Moncho pín tao todo: a cama, o mantel, a neveira, o avó...

Logo dunha intensa xornada de traballo, insiste

-con entusiasmo de pintor- en descubrir o significado

dunha mancha de pintura negra que atopa sobre un papel

en branco. A mancha parece que se metamorfosea aos ollos

de quen deixa voar a imaxinación pero, na súa teimosa busca,

Moncho atópase tamén con persoas incapaces de darlle

unha resposta.

Kiko Dasilva leva o xogo ata o final e, a través dunha

interesante aposta gráfica de gran colorido e impacto visual,

aproxímanos ao mundo da arte e á alma do artista.

Cada ilustración é unha escultura, feita con cerámica

e cemento policromado, destinada a suxerir as distintas imaxes

que unha simple mancha pode ter.



...Un achegamento ao público infantil dun novo concepto

de ilustración, no que ás veces as personaxes -grazas á súa

tridimensionalidade- parecen existir na realidade. “Moncho

e a mancha” é, nunha segunda lectura, unha metáfora da arte

contemporánea, tan difícil de entender para moitos adultos.



■ **Temática:** arte.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** exercitar a imaxinación desenvolvendo novos obxectos a partir de certas figuras xeométricas; ilustracións en relevo; do ilustrador de “Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis”, e “Sar, Sarela e os monstros de Compostela” (Kalandraka); do autor de “Fiz” (Faktoría K).

Kiko Dasilva

(Vigo, 1979)

Autor de banda deseñada, ilustrador e editor. Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Iniciou a súa traxectoria profesional en 1998. Publica viñetas no diario *La Voz de Galicia* e colabora semanalmente na revista *El Jueves*. Tamén participou nas publicacións *Golfiño* e *Mister K*. Como ilustrador destacan os títulos “Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis”, “Sar, Sarela e os monstros de Compostela” editados por KALANDRAKA, e “Fiz” no selo FAKTORÍA K. Foi co-fundador da revista *BD-Banda* (premio do Salón do Cómic de Barcelona 2007). Ademais, creou a editorial *Retranca*, na que edita as revistas de humor gráfico *Fiz* e *Retranca* (premio do público á mellor revista no Salón do Cómic de Barcelona 2007). Realiza cartaces para obras de teatro, salóns do libro e festivais de entroido. Ilustrou murais para salas infantís de varias bibliotecas. Ten impartido obradoiros de banda deseñada e ilustración para público infantil e adulto en Galicia e no resto de España, Portugal, Francia e Italia. Actualmente é o director da Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración “O Garaxe Hermético”, en Pontevedra.

<http://kikodasilva.blogspot.com.es/>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
